

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Sobre falsificacións e traumas: do galego antigo ao contemporáneo

Itinerarios. Revista de estudios lingüísticos, literarios, históricos y antropológicos nr 20, 101-121

2014

Artykuł został opracowany do udostępnienia w internecie przez Muzeum Historii Polski w ramach prac podejmowanych na rzecz zapewnienia otwartego, powszechnego i trwałego dostępu do polskiego dorobku naukowego i kulturalnego. Artykuł jest umieszczony w kolekcji cyfrowej bazhum.muzhp.pl, gromadzącej zawartość polskich czasopism humanistycznych i społecznych.

Tekst jest udostępniony do wykorzystania w ramach dozwolonego użytku.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

SOBRE FALSIFICACIÓN S E TRAUMAS: DO GALEGO ANTIGO AO CONTEMPORÁNEO

Resumo: A Gallaecia foi durante séculos no período medieval o reino cristián alternativo á Hispania musulmá na península ibérica e tivo unha forte presenza en Europa, mais na historia oficial española o reino da Galiza case non existe ou figura simplemente como subsidiario dos reinos de Asturias ou de León e Castela; os documentos medievais menciónano constantemente e concédenlle moita relevancia. Ao mesmo tempo, o reino da Galiza incluía unha boa parte de Portugal na altura e a lingua común neses territorios era o galego, lingua cortesá e lingua poética por excelencia. Mais ese brillante pasado do galego no período medieval contrasta cos séculos escuros que viñeron a seguir. Castela exerce o seu poder colonizador sobre a Galiza en canto Portugal a ignora, de tal modo que será menosprezada e marxinada polos dous reinos peninsulares que teñen a súa xénese na antiga Gallaecia. A fala e as xentes galegas comezarán a ser ridiculizadas tanto na corte castelá como na portuguesa. Como consecuencia, a lingua irá perdendo prestixio entre as propias persoas que a falan e darase inicio a un longo proceso de substitución do galego polo castelán, o que vai xerar ao longo dos próximos séculos na sociedade galega preconceptos lingüísticos, baixa autoestima das e dos falantes da lingua propia, deslealdade lingüística, complexo de inferioridade e mesmo autoodio.

Palabras clave: Galiza medieval, Castela, galego, complexo de inferioridade, autoodio

Title: About Falsifications and Traumas: from Old Galician to Contemporary Galician

Abstract: During centuries, Gallaecia was the alternative Christian Kingdom on the Iberian Peninsula to that of Muslim Spain, and had a great presence in Europe. Although in Spanish official history the Kingdom of Galicia practically does not exist or simply figures as a subsidiary to the kingdoms of Asturias or Leon and Castile, in medieval documents it is constantly mentioned, giving it great importance. At the same time, the Kingdom of Galicia included a good part of Portugal in medieval times and the common language in those territories was the Galician language ('galego'), the Court language and the language of the poetry. But the brilliant past of the language in the medieval period contrast with the dark centuries that followed. As Castile exerts its colonizing power over Galicia, Portugal ignores it, in such a way that it will be despised and marginalised by the two kingdoms which have emerged in any case from the old Galician kingdom. The courts of Castile and Portugal began to develop a tendency to ridicule Galician speech as well as the Galician people. As a result, Galician language was losing prestige between its own speakers and a long process of replacement of Galician by Castilian began, generating along the next centuries in Galician society linguistic prejudices, low self-esteem as speakers of the own language, linguistic disloyalty, inferiority complex, and even linguistic self-hatred.

Key words: Medieval Galicia, Castile, Galician language, inferiority complex, self-hatred

0. INTRODUCIÓN

A historia da Galiza foi obxecto de ocultamento e manipulación, chegándose mesmo á súa negación como reino peninsular politicamente relevante na Idade Media, para desa forma poder construír o mito dunha Castela xa dominante na altura e núcleo fundacional dunha moderna nación española construída arredor dela. Ao mesmo tempo, ese feito garda moita relación co curso histórico do idioma galego, dalgunha forma afec-tado por esa falsificación histórica pois, aínda que non se puido negar o feito evidente de ser a lingua das cantigas, porén, so a denominación de “galego-portugués”, tentouse diluir a súa longa existencia como lingua da Gallaecia durante séculos, anterior á propia aparición de Portugal. Face á idea de o galego ser sempre unha lingua en situación conflitiva ou subordinada, primeiro ao latín e logo ao castelán, cómpre afirmar que durante todo o período medieval gozou da mesma “normalidade” que tiveron o resto dos romances e que foi a lingua cortesá por excelencia das Cortes cristiás durante séculos. Certo é que, de lingua de vasalos e señores noutrora, pasou a se converter nos últimos séculos en lingua “proletaria”, mais non por iso perdeu a súa dignidade como símbolo esencial da identidade galega.

Fronte á ocultación ou negación da Galiza medieval e da dignidade da súa lingua, construíuse un ideal castelanista con base precisamente, entre outros factores, na apro-piación ou usurpación de todo aquilo que levaba o selo galego. O denominado na histo-riografía oficial como Afonso VIII (1158-1214) foi o “primeiro rei duradeiro de Castela como reino independente” e durante o seu reinado “sentáronse os fundamentos ideo-lóxicos do castelanismo” segundo Nogueira (2001: 233-234), quen acrecenta que dentro desa ideoloxía Castela vai suplantar a historia dos reinos centro-occidentais peninsulares, “procurando a lexitimación do seu poder non só a través da negación de Gallaecia como fundamento deses reinos, senón magnificando e mitificando a historia do condado cas-telán”. Do punto de vista historiográfico serán os escritos de Rodrigo Ximénez de Rada e de Lucas de Tui os que no século XIII senten as bases para esa reelaboración da histo-ria en prol da causa de Castela, cuxos mitos pasenxamente van tomar “corpo case real na historiografía do Estado español” (Nogueira 2001: 234), e por tanto para a creación da ideoloxía castelanista que tanta fortuna vai ter nos séculos posteriores, a chegar mes-mo á actualidade. Neste punto, nada semella máis oportuno que lembrarmos *La invención del pasado* de Miguel-Anxo Murado e a súa posta ao descuberto das falsificacións e mistificacións da historia de España por parte de Menéndez Pidal e de tantos outros, de modo que esta “se ha hecho en gran medida a partir de textos falsificados, alterados, interpolados y manipulados” (Murado 2013: 26).

Para terminar esta introdución, convén deixar claro que nas páxinas que veñen a seguir se pretende explicar en parte a situación precaria da lingua galega na actualidade, ou cando menos algúns preconceptos lingüísticos a respecto dela, con base no seu curso histórico desde os recuados tempos medievais até hoxe. Son moitos anos, de certo, para se sintetizaren nunhas poucas páxinas, de modo que a análise non poderá afondar en aspectos concretos, mais si preservar o necesario rigor. Nestas páxinas deféndese a digni-

dade histórica da lingua galega, a mesma que posúen todas as demais linguas ameazadas do mundo e que desde os discursos ideolóxicos do poder dominante se cuestiona. Para tal tarefa faise preciso desmontar certas falsificacións históricas que se produciron xa desde os tempos medievais e iso obriga a falarmos de reinos e linguas medievais aínda sendo conscientes de que nin uns nin outras eran monolíticos e que non teñen unha identificación automática con realidades actuais de natureza semellante. En concreto, é ben sabido que na península ibérica se foron conformando diferentes reinos con fronteiras inestábeis e en constante transformación, ben como que a maior proximidade entre os romances e a permeabilidade das cortes reais convertían estas en espazos multidialectais con falantes de diversas variedades lingüísticas, sen que existisen modalidades estándar nin linguas oficiais como hoxe as entendemos. Neste sentido, cando falamos de reino da Galiza ou da lingua galega facémolo dentro deses parámetros e na mesma medida en que se vén falando do reino de Castela, da lingua castelá ou doutros reinos e romances existentes na altura. E non se debe obviar que a Galiza actual e o seu idioma só se poden definir en termos históricos, fundamentalmente, polo contacto ou confronto cos seus veciños. De aí a importancia de Portugal e de Castela mesmo na súa caracterización actual, sen con isto negar o papel desempeñados polos outros reinos hispanos.

Tratarase a seguir, en resumidas contas, non tanto dunha defensa apoloxética da lingua galega canto da tentativa de restauración da verdadeira historia –sempre parcial e subxectiva, con todo– a respecto dunha lingua historicamente desprestixiada e presentemente minorizada; e trátase tamén da analizar certos traumas lingüísticos actuais á luz de evidentes falsificacións do pasado, sempre na perspectiva da súa definitiva superación.

1. NEGACIÓN DO REINO DA GALIZA E REINVENCIÓN DE CASTELA

A Galiza foi durante a Idade Media un importante reino peninsular, segundo se está a pór en relevo por parte de estudiosos como Nogueira (1996, 1997, 2001, 2012), Smith (1996), López Carreira (2005) ou Murado (2008), algúns dos cales tamén resaltan o interese dos historiadores oficiais por faceren pasar por casteláns feitos e reis que o eran da Galiza, reino hexemónico en determinada altura. Sirva de exemplo o caso de Sánchez Albornoz, discípulo de Menéndez Pidal, que escribiu un ensaio intitulado “Sobre una epístola del papa Juan IX a Alfonso III de Asturias” cando no orixinal latino o que se le é “Rex Galletiae” (Murado 2008: 59).

Durante séculos, a Gallaecia foi o reino cristián alternativo da Hispania musulmá, así recoñecido polos árabes e polo papado, e con importante presenza na Europa. Porén, no discurso histórico convencional é o reino de Asturias o que se presenta como peza chave da historia de España, a funcionar mesmo como “mito fundacional” e elo necesario “que une el antiguo reino de los visigodos con el futuro reino de Castilla y por tanto de España”, cando na realidade todo semella unha creación do bispo Pelaio de Oviedo que procuraba privilexios e rendas para a súa sé; tal debeu de ser a invención e manipulación de datos que “algunos expertos han llegado hasta a dudar de la existencia misma del Reino de Asturias” (Murado 2013: 25-26). Frente á alta frecuencia de aparición

deste reino ou do reino de León nos libros escolares e de divulgación, o reino da Galiza praticamente non se menciona na historiografía oficial española ou simplemente figura como subsidiario dos reinos de Asturias, León ou Castela; porén, na documentación medieval aparece constantemente citado, outorgándosele moita relevancia. Como di Murado, nos textos contemporáneos do resto da Europa “se habla siempre de «Galicia» o «Galicia y Asturias»”.

Segundo informa Smith (1996: 735), en 1088 o papa Urbano II diríxese por escrito a Afonso VI, que pasa por ser rei de León e Castela, como “Regi Ildefonso Gallitie”; na *Historia Turpini*, libro IV do *Codex Calixtinus*, recompilado arredor de 1140, o reino da Galiza inclúe Lamego, Viseu e Coimbra, e nela aparecen expresións como “Yspaniam e Galleciam”, “tellurem Yspanicam et Gallecianam”, “Hyspani scilicet et Galleciani, totam terram Hispanicam e Gallecianam”, dando a sensación de que, fronte á parte da península en poder dos mouros, só existe a Galiza cristiá. Tamén nos lembra Smith que no libro V, *Guía de peregrinos*, volta a aparecer a expresión “in Yspenia et Gallecia”; que nas *chansons de geste* francesas Galiza ten máis de 50 referencias en 35 textos, en tanto León, como nome de reino ou imperio, case non aparece; que para o cronista inglés Mateo Paris, que escribe a meados do século XIII, en 1184 Fernando II é rei de Galiza e non de León; que para os escritores de Al-Andalus era normal distinguiren só entre “francos” (cataláns) e “galegos” (habitantes dos demais reinos cristiáns do norte); etc.

De acordo con Murado (2008: 58) para os contemporáneos León non era un reino, mais unha cidade galega, como recollen os textos latinos: “Civitate vocatur Legionis, in Gallaecia”. Inclusive Lope de Vega sitúa a acción de *El mejor alcalde, el rey* “en León, en un pueblo de Galicia y sus cercanías”. E lémbranos tamén Murado que nun mapa do historiador do século XIX Modesto Lafuente o nome en árabe “Jalikiah” se traduce misteriosamente por “Reino de León”; e que o famoso don Pelaio figura na crónica de al-Maqqari como “galego” e noutro texto árabe do século XII o propio Cid Campeador é denominado “can galego”. Tamén dona Carolina Michaëlis afirma que existiu “uma era en que Gallaecia era nome generico da Hespanha christã, ao passo que Hispania designava a Mouraria” e resalta que a fama das “terras gallizianas” se pode comprobar na poesía épica dos xermanos, nas sagas escandinavas, nos historiadores flamengos, nos cantares de xesta da Franza, na poesía popular inglesa, nas obras dos trobadore, nos poetas de Italia ou nos autores árabes (Michaëlis 1904: 791-793).

Nunha tentativa de sintetizarmos a historia da Gallaecia medieval da man dalgúns dos autores citados, podemos constatar que durante os séculos VIII e IX, cando a lingua galega se conforma como romance diferenciado do latín, todos os reis se intitularon reis de Gallaecia desde capitais diferentes (Oviedo, Santiago ou León), aínda que moitos deles desde Afonso II asentaron a súa capital en Santiago ou na parte occidental de Gallaecia, fortalecendo e estendendo o seu reino, e inclusive chegando no occidente até Coimbra xa con Orduño II, de acordo con Nogueira (2001: 107-304), para quen Ramiro II constitúe unha referencia fundamental na construcción do reino galaico e pon en relevo a occultación por parte de Sánchez Albornoz de documentación histórica onde se cualifica aquel como rei dos galegos e estes como a nación más poderosa. Dona Sancha (1037-1067), emperatriz da dinastía galega e irmá e herdeira de Vermudo III, divide os territorios entre os seus fillos Afonso VI (León), García (Galiza), Sancho (Castela). Afonso VI, a pesar

de herdar o reino de León, gobernou a Galiza e Castela en períodos distintos, en canto seu irmán Sancho aspiraba a ser rei de Gallaecia, título principal da monarquía. Don García gobernou a Galiza desde 1067 a 1071, mais conservou o título de rei até a súa morte en 1090. A filla primoxénita de Afonso VI, dona Urraca, e o seu marido, Raimundo de Borgoña, gobernaron a Galiza desde 1093. Arredor de 1096, Afonso VI encárgalle o governo de Portucale (do condado portucalense) e de Coimbra á outra filla, dona Teresa, casada con Henrique de Borgoña.

Cando dona Teresa, xa viúva, busca o auxilio de nobres galegos e os nobres portucaleenses ven así perigar a autonomía de Portucale, estes deciden apoiar Afonso Henriques, fillo de dona Teresa, quen vence e expulsa a súa nai en 1128, de forma que aquel pasou a gobernar o condado portucalense e esta, con Fernán Peres de Traba, continuou a gobernar o condado de Coimbra, sempre en mans de condes galegos; isto é, dona Teresa goberna ao sur do Douro e o seu fillo Afonso Henriques entre o Douro e o Miño; á morte de súa nai en 1130 deslócase de Guimarães a Coimbra. En 1139 tomou o título de rei e en 1143 recoñécese mediante tratado a independencia do novo estado portugués, confirmada por Roma en 1179. Don García, como rei da Galiza, asumira tamén a autoridade dos condes de Portucale, sendo a súa sobriña Teresa e o fillo desta Afonso Henriques os seus herdeiros e por tanto continuadores da liña histórica, de modo que a independencia de Portugal constitúe un problema dinástico dentro da Galiza (Nogueira 2001: 183-214); o propio Afonso Henriques era denominado como “o pérfido galego” nas crónicas árabes (Murado 2008: 64).

O infante Afonso Raimúndez, herdeiro do trono da Galiza, fillo de dona Urraca e neto de Afonso VI, foi proclamado como rei da Galiza e como tal gobernou Toledo en vida da súa nai a partir de 1117. E cando en 1126 morre esta, tal rei galego, co nome de Afonso VII, herda os reinos de León e Castela, afirmando así Gallaecia a súa hexemonía política na península; en 1135 é coroado emperador na cidade de León coa participación de nobres e bispos galegos, feito que non significa a supremacía de Castela, mais a dun rei feito e criado na Galiza e por galegos, “un rei galego” (Pena Graña 1995: 12).

Entre 1143, ano en que Afonso Henriques é recoñecido como rei de Portugal, e 1230, cando morre Afonso IX da Galiza, houbo, segundo Nogueira (1996: 75), dous reinos galaicos independentes, pois tan galego era o reino de Gallaecia-León con Fernando II e Afonso IX, os dous soterrados en Compostela, como o reino de Gallaecia-Portucale, con Afonso Henriques, Sancho I, Afonso II e Sancho II. Portugal xurdíu, pois, como unha división da Gallaecia, segundo tamén reconoce Carolina Michaëlis (1904: 779): “Nessa verdadeira Galliza medieval (quer comprehendase apenas a orla marítima da península até ao Porto, quer se estenda até ao Vouga, ou mesmo até Coimbra) entra sempre o núcleo fundamental de Portugal: *o condado portucalense*”.

Fronte á falsificación documental que implica a negación da historia da Galiza, invéntase a historia de Castela, ou mellor, constrúese unha “imaxé histórica” de Castela que pouco ou nada ten que ver coa historia real. É o bispo Ximénez de Rada quen recibe a encomenda de facer de Castela un reino antigo e poderoso cando “no tiene sentido hablar de Castilla como reino hasta el siglo XII” (Murado 2013: 85). Segundo este autor, o proceso de reinención de Castela foi o seguinte: Ximénez de Rada converteu a historia de León en historia de Castela, Afonso X transformou a historia de Castela en historia de España, o padre Juan de Mariana retomou esta no século XVI e continuouna, Modesto

Lafuente reescribiuna de forma renovada no século XIX con criterios propios do Romanismo, e por último a principios do século XX Menéndez Pidal deulle unha fasquía más científica (Murado 2013: 94). En todo ese proceso, a Galiza desaparece por completo.

2. SOBRE A LINGUA DO REINO DA GALIZA E A SÚA DENOMINACIÓN

Após lembrarvos o dito ao inicio a respecto da proximidade entre os romances e da proliferación de variedades lingüísticas faladas nas cortes medievais, cómpre tamén acrecentar que o galaico occidental ou galego foi a lingua cortesá do reino de Gallaecia por ser no occidente onde estivo o centro do imperio galaico. A principios do século X o galego é a lingua empregada polos monarcas (Pena Graña 1995: 9-10) e dous séculos despois Afonso VI chora en galego a morte do seu único fillo, segundo narra o historiador Sandoval (Risco 1973: 8). A principios do século XII o galego era a lingua de uso habitual na corte de Afonso VI e variedade lingüística que usaba o propio rei inclusive nas súas manifestacións más íntimas e espontáneas. Aínda no século XIII Fernando III e o seu fillo Afonso X estiveron vinculados con Galiza, onde se criaron, e co galego (Michaëlis 1904: 796), con seguranza a súa lingua familiar (Freixeiro 2010: 156).

González López sostén que o galego-portugués foi a lingua culta do reino de León nos primeiros séculos da Reconquista e que puido ter sido a lingua común de todo o occidente peninsular (1978: 185). Menéndez Pidal, empeñado en resaltar o papel preponderante de Castela e do seu idioma seguindo o ideal castelanista que profesaba, fala da loita entre o galego e o castelán pola hexemonía lingüística no reino de León, sen poder ocultar totalmente o importante papel que a Galiza tivo, pois segundo este autor nela acostumaban a educarse os príncipes (1956: 447). O propio Castelao (1961: 51) reparara en que o galego chegou a ser “língoa lírica e cortesán de Castela”. Non só foi unha lingua moi valorizada na lírica, mais tamén gozou con anterioridade de prestixio como variedade lingüística na comunicación oral por ser a lingua cortesá por excelencia.

Aínda tendo en conta que a distancia entre os diferentes romances peninsulares antes do século X era moi pequena (Wright 1991: 21-22) e que esta só se foi agrandando co transcurso do tempo, a medida que tamén foi en aumento a conciencia da diferenciación lingüística entre os reinos peninsulares, con todo a aparición da literatura escrita en romance cara a finais do século XII xa pon en evidencia a existencia de diferentes variedades lingüísticas con nomes específicos. A lingua romance común falada aos dous lados do río Miño debe chamarse con propiedade *galego* por ser a lingua da Gallaecia. Ao se dividir esta, o galego será a lingua da Galiza e tamén de Portugal, o cal posibilitará a aparición do nome composto *galego-portugués*. Mais esta é unha denominación serodia, introducida polos eruditos portugueses e alemáns a finais do século XIX: “Esta fragmentação da Galliza em duas metades, ocorrida exactamente no momento psychologico da primeira florescencia da supposta poesia popular, obriga-nos a emplegar o termo composto *galego-português*” (Michaëlis 1904: 779).

No entanto, na época medieval non recibiu tal denominación. Na *Historia Compostellana*, texto latino do século XII, aparece a expresión *gallaeco vocabulo*; e nunha

relación de libros da biblioteca do arcebispo compostelán Bernaldo II dáse a noticia, arredor de 1226, dun libro vello de sermones *de littera gallega*, que con seguranza quererá indicar que estaba escrito en galego e non en latín (Monteagudo 1994: 171). Aínda que a denominación predominante era, en contraposición a *latín*, a de *romanço*, xunto coa de *lenguagem*, *linguagem* ou *a nossa linguagem*, o catalán Jofre de Foixá, autor dunhas *Regles de Trobar* escritas en occitano cerca de 1290, cita as linguas que el considera naquel tempo habilitadas para a lírica e entre elas inclúe o *galego*. Esta era, pois, a denominación da lingua dos cancioneiros, polo menos nos ambientes eruditos e trobadorescos (173).

3. A PROXECCIÓN PENINSULAR DO GALEGO COMO LINGUA DE CULTURA

Que a lingua das cantigas trobadorescas era o galego, así denominado, non foi habitualmente proclamado; máis ben se falou e se fala de galego-portugués, denominación hoxe xeralmente utilizada e admitida. Mais nin sempre aconteceu así; por exemplo, aínda no XIX Varnhagen se negaba a asumir o feito de a literatura trobadoresca ser partillada por galegos e lusitanos, insistindo mesmo na idea de as composicións líricas de Afonso X estaren escritas en portugués (García Turnes 2002: 59).

A lingua das cantigas medievais chegou a se converter en lingua lírica de todos os reinos cristiáns da península, coa excepción de Cataluña. Xa é ben coñecida a afirmación do Marqués de Santillana no seu *Prohemio e carta*, escrito entre 1445 e 1449 (Gómez Moreno 1990: 22), de que todos os trobadores, ben fosen casteláns, andaluces ou da Estremadura, compuñan as súas cantigas en lingua galega ou portuguesa; o propio editor do texto xulga esta afirmación como lóxica e evidente: “El fenómeno estaba demasiado cerca en el tiempo para que don Íñigo y otros muchos lo olvidasen” (134). A explicación para este feito haberá que a procurar no poder que anteriormente alcanzara a Gallaecia e no prestixio da súa lingua, que faría que a cultura, nesa altura posta de manifesto a través da lírica, se expresase no idioma cortesán por excelencia. Ténase en conta tamén que Salamanca foi unha universidade instituída polo rei galego Afonso IX (1188-1230) e administrada durante séculos por Compostela, sendo tamén os seus profesores case todos galegos; e que entre finais do XIV e os primordios do XV varias dioceses portuguesas como Lisboa ou Évora, alén das de Zamora, Salamanca, Ávila, Ciudad Rodrigo, Coria, Plasencia e Badaxoz, dependían da metrópole de Compostela, realidade que para Nogueira é ignorada nas olladas oficiais desde os estados español e portugués, acrecentando:

Unha persoa como o historiador Sánchez Albornoz, partindo dunha concepción castelanista da historia peninsular, interrogaouse sobre o facto de o galego ser a lingua da cultura na maior parte da península, estrañándose diso dado que, nas súas palabras, “Galiza nunca fora un imperio”. Non podía aceptar a idea obxectiva de que os reis galegos foron efectivamente os que ostentaron o Imperio galaico con capitais en Compostela e León. (2008: 19)

Mais, aínda a nos circunscribirmos aos límites territoriais da Galiza actual, ao norte do Miño, é de resaltar a importancia do elemento galego na escola lírica trobadoresca, como puxo en relevo o profesor Rodrigues Lapa (1977: 110). No en tanto, cara a meados do século XIV a escola lírica galego-portuguesa entra en decadencia, a que tamén non pode ser totalmente allea a evolución da situación política na antiga Gallaecia. A partir do reinado de Fernando III (1230-1252) o reino da Galiza, a conservar sempre o seu propio carácter, viuse integrado na coroa de Castela-Toledo-León, iniciando moito lentamente o camiño da decadencia política e económica, que finalmente tamén acabará por se converter en decadencia cultural. A unión de Castela e León, coa crecente influencia de Toledo como centro da cultura a substituír en parte Santiago de Compostela, vai ir pouco a pouco disolvendo a realidade política galega na coroa de Castela, aínda que isto non se logrou até o século XVI (Pena Graña 1995: 15).

Se a lírica castelá xorde no século XIV “impregnada de gallegismos” (Beltran 2005: 334), a escola lírica galego-castelá, desenvolvida durante a segunda metade do século XIV e a primeira do XV (1350-1450) por autores maioritariamente casteláns, ao tempo que mostra a decadencia artística a respecto do período trobadoresco galego-portugués, deixa transparentar unha lingua híbrida que é “mestura de galego castelanizado ou de castelán galeguizado” (Polín 1994: 16), mais que demostra a sobrevivencia aínda do galego como lingua lírica e de cultura fóra do ámbito territorial do reino da Galiza. Prodúcese, pois, nese período un paulatino deslocamento lingüístico desde o galego para o castelán como idioma da lírica, e por tanto tamén de cultura: os poetas casteláns que usan o galego coñecen este deficiente e, por consecuencia, inzan os textos de castelanismos; e os que comezan a usar o castelán por primeira vez na lírica botan man de gallegismos por ser esta até aquela altura a lingua lírica dominante na península ibérica. Esta transferencia do galego para o castelán prodúcese no século XV e despois deste xa entramos nos séculos escuros, que supoñen a práctica desaparición da escrita nesa lingua e o progresivo avanco dun conflito lingüístico que vai implicar para o galego perda de usos, funcións e falantes, por un lado, e por outro perda de prestixio e erosión interna, o que irá minguando a autoestima dos seus usuarios e provocando a aparición de preconceptos lingüísticos xeradores de complexo de inferioridade e inclusive de autoodio nalgún caso.

4. DECLIVE, MARXINACIÓN E DESPREZO DO GALEGO APÓS O PERÍODO MEDIEVAL

A pesar de a literatura galega praticamente desaparecer durante os séculos escuros ao non existir un discurso literario propriamente galego e ao desaparecer tamén en boa medida a lingua do país do ámbito escrito, non obstante consérvanse algunas mostras literarias do período compostas nese idioma, escasas canto ao número e pobres cualitativamente. En conxunto, parece como se a Galiza, desposuída do uso digno do seu idioma propio, ficase muda ou paralizada no seu espírito creador, incapaz de se expresar literariamente nunha lingua diferente daquela que ela mesma xerara e en que continuaba a falar e a comunicar os seus sentimientos e vivencias.

Prodúcese neste período unha clara submisión política, cultural e lingüística da Galiza a Castela, a desempeñar nisto un papel destacado a Igrexa, cuxos altos cargos foron case sempre ocupados por persoas non galegas; sirva como exemplo que no período que vai de 1530 a 1830 houbo na Galiza 152 bispos de fóra por só 15 galegos, e que os mosteiros galegos pasaron a depender dos casteláns, a se empregaren tamén nos diferentes niveis do ensino, encomendado igualmente á Igrexa, o latín e o castelán, mais non o galego. Aínda así, este continuou a ser a lingua exclusiva da maioría da poboación, como fan supor algúns testemuños escritos da época, entre os que non faltan posicionamentos persoais a seu favor.

4.1. Referencias á marxinación do galego nos textos dos séculos escuros

Desde 1536 celebrábanse na Universidade de Santiago de Compostela as chamadas Fiestas Minervais, convocadas para louvar a figura de Alonso de Fonseca, fundador dessa institución; só hai noticias do certame literario de 1662, mais non se conservan os textos; os primeiros que posuimos son as composicións presentadas a estas festas en 1697. Nas bases do concurso marcábanse sete seccións ou asuntos e en un deles impúñase a condición de usar a lingua galega; a este concorren oito poetas, habendo máis outro que tamén o fai en galego noutra sección diferente que non estipulaba o uso desta lingua. Son, pois, nove extensos romances en idioma galego os que hoxe se conservan daquelas festas e poden ter existido outras composicións en galego nos certames anteriores, mais non se coñecen os textos. Estes nove, de baixa calidade literaria, conteñen polo contrario unha información lingüístico-filolóxica de extraordinaria importancia e algunha referencia sociolingüística interesante. Así, o romance de Joán del Río Otero comeza mostrando a alegria do autor por poder participar escribindo na propia lingua, consciente da súa marxinación na escrita, pois cualificaña de “esquecida”:

Ja que nos pujo o certamen
a porfía ou o probrema
na nosa lingua esquecida,
no'mais que por ser galega,
ledo agora hasta no'mais
porque lle coupese a ela
no ceu daquel gran escudo
tan siquer o ter estrela,
direi o meu parecer... (en Freixeiro 1996: 29)

A composición de José Guerrero Lasso de la Vega parece apuntar á marxinación do galego como lingua de ensino e cultura cando comeza así:

Senhores, eu ben quixera
escribir, pero non sei
nin o romance galego;
i é natural non saber. (en Freixeiro 1996: 44)

En definitivo, aínda no período máis escuro para a historia do galego –do punto de vista sociopolítico e literario, que non canto á porcentaxe de falantes– non faltaron algunhas voces que mantiveron acesa a súa defensa. Mais tamén se poñen en relevo as dificultades por que o galego está a pasar nesa época: marxinación social, ausencia xeral da escrita e do ensino, aparecemento de preconceptos como o de as persoas galegas non coñeceren a súa propia lingua, etc.

Xa a principios do século XVIII, en 1702, un irmán do Padre Feixoo, Anselmo Feixoo Montenegro, compuxo quince quintillas en galego co título de “Llanto de la flota, por una ninfa gallega”; a primeira di así:

Pois que sempre algúñ malsín
tacha a miña boa lei,
déixenme chorar sin fin
desgracias en que nacín
na lengua en que me criei. (en Freixeiro 1996: 107)

O poeta pon estas palabras na boca dunha muller que declara ser o galego a lingua en que ela se criou. Vinte anos despois, el mesmo e outro irmán, Plácido Feixoo Montenegro, compoñen dúas glosas tamén en galego que van aparecer ao ano seguinte no cancioneiro *Sagradas flores del Parnaso* (Madrid, 1723); a do segundo dos irmáns, Plácido, comeza así:

Escoiten, que falo eu
na miña lingua galega,
que anque teño a musa lega
e pra copras non naceu,
unha nai que me pareu
i outra vella, miña tía,
deron conmigo a porfía
sobre o galego falar,
e nil me mandan glossar
el acaso de este día.
Pero eu ben podo dezir
que, anque en ela me criei,
eínda falar nona sei
nin eínda a sei escrivir;
mas por non dar que sentir
á nai que en min se revé,
gardando de fillo a fee,
dijen: “Eu porei na glossa
unha acción tan religiosa
y el ver los reyes a pie”. (en Freixeiro 1996: 113)

Tendo en conta que os irmáns Feixoo facían parte da nobreza ilustrada galega e que, segundo declara Plácido, foron a súa nai e a súa tía as que lles pediron que escribisen en ga-

lego, lingua que elas falaban e en que criaban os seus fillos, pódese deducir que o galego continuaba a ser, na primeira metade do XVIII, a lingua familiar de polo menos unha parte das clases sociais acomodadas e gozaba de consideración e estima entre algunas das familias nobres galegas. Do texto de Plácido Feixoo citado tamén podemos deducir, por outro lado, que a marxinación do galego do ensino e do ámbito escrito en xeral convertía as persoas galegofalantes, áinda cultas e nobres, en analfabetas na súa propia lingua, a se estender así o tópico, áinda hoxe vigorante e que acabamos tamén de ver xa no século anterior, de os galegos e galegas non saberen falar ben o galego e menos áinda escribíreno.

4.2. Ignorancia e desprezo do galego en Portugal

Após a época medieval, o galego vaise ir convertendo progresivamente nunha lingua ignorada e/ou desprezada polos seus veciños, tanto no reino de Portugal como no de Castela. Nas cortes castelá e portuguesa, como di Carolina Michaëlis, irase desenvolvendo a “tendencia de ridicularizar tanto a falla gallega como o typo gallego, exagerando as suas qualidades e as suas fraquezas”, de forma que pasou a ser figura cómica do teatro castelán e portugués, “a imbecilidade personificada”: “Tosco, lorpa, boçal, bronco, excitou em farças, autos e comedias a hilaridade de gerações com as parovices e grossarias que dizia e praticava. Em contos, coplas, dictados, proverbios, ambos os países chasqueavam á compita da rudeza, ingenuidade e villania do gallego” (Michaëlis 1904: 785-786).

Tanto nos traballos quiñentistas de Fernão de Oliveira como de João de Barros e de Gândavo tratan os binomios latín/portugués e portugués/castelán (Buescu 1984: 128-35), mais ignoran en liñas xerais o galego e a Galiza, a que se referirá Duarte Nunes de Leão posteriormente na súa *Origem da lingoa portuguesa*, de 1606, mais de forma peyorativa (Leão 1983: 219-20), provocando a contundente réplica de Sarmiento no século XVIII. O que acontece é que os gramáticos e historiadores portugueses quiñentistas procuran unha orixe prestixiosa para a lingua do seu país, que queren presentar como a primeira lingua peninsular en competencia co castelán (Buescu 1984: 201-207) e nesa altura tanto a Galiza como o galego, subordinados a Castela e á súa lingua, perderan o prestixio da época medieval e eran mesmo obxecto de burla nos dous reinos peninsulares veciños: “Com más forza, se isto é possível, do que em Castela también em Portugal se espalha na literatura e entre o povo a imagem vil do galego” (Vázquez Corredoira 1998: 88).

No proceso de reivindicación da lingua galega por parte dos ilustrados do XVIII inevitabelmente tiña de xurdir o tema do portugués e a súa relación co galego. O Padre Feixoo ocupouse desta cuestión no tomo primeiro do seu *Theatro crítico* ao tratar do “Paralelo de las Lenguas Castellana y Francesa”. Na sección sexta do discurso XV (reproducido facsimilarmente en Verdelho 2000: 773-89) Feixoo afirma que a “Lengua Lusitana, ó Gallega” é un dialecto da latina e non subdialecto ou corrupción da castelá; é, por tanto, unha lingua neolatina en igualdade de condicións coas demás. Establecido este principio, dedica o frade bieito un “Corolario” a tratar das relacóns entre galego e portugués, onde comeza por reafirmar “que el Idioma Lusitano, y el Gallego son uno mismo”, e logo acrecenta que o reino da Galiza comprendía naqueles tempos “buena porcion de Portugal, pues se incluia en él la Ciudad de Braga”; e termina o seu corolario afirmando que ese idioma pasou da Galiza a Portugal.

Sarmiento, na súa tentativa por coñecer a fondo o idioma do seu país, comeza a acudir aos estudos e vocabularios de autores portugueses e vai adquirindo consciencia de que estes descoñecen totalmente o galego e a Galiza, de modo que os seus comentarios se tornan cada vez más acedos. Mais a súa animadversión contra Portugal vai ultrapasar o ámbito da razón lingüística nas obras escritas após a súa viaxe de 1754 á Galiza e nisto debeu ter moita importancia o coñecemento da obra de Duarte Nunes de Leão, ao descubrir que este non só ignora o galego, mais que ofende as persoas galegas coas seguintes palabras da *Origem da lingua portuguesa*, de 1606: “Da qual língua galega a portuguesa se avantajou tanto, quanto na cópia como na elegância dela vemos. O que se causou por em Portugal haver reis e corte que é a officina onde os vocábulos se forjam e pulem e donde manam para os outros homens, o que nunca houve em Galiza” (Leão 1983: 219-220).

Aquí pode estar a orixe da actitude tan dura de Sarmiento a respecto de Portugal, pois non é apenas que Nunes de Leão considere inferior a lingua galega á portuguesa, mais tamén nega a existencia mesma do reino da Galiza. Nas obras de Sarmiento achamos cumpridas mostras da contundencia con que descualificou o autor portugués e por extensión os portugueses en xeral. Na carta ao Padre Terreros faille unha crítica mesurada:

Así, la lengua portuguesa pura no es otra que la extensión de la gallega, y que después se cargó de voces forasteras, moriscas, africanas, orientales, brasileñas, etc., como se puede ver en Bluteau. Y si a este origen del puro portugués hubiese atendido Duarte Núñez no nos dijera que tales y tales voces eran antiquísimas y peculiares de Portugal. Las voces *saudades*, *magoa* y *mixiriqueiro*, que creo pone por ejemplo, son latinas y siempre han sido gallegas. (Sarmiento 1974: 30)

Na realidade, o que exaspera Sarmiento é que os portugueses queiran ignorar a Galiza e o galego, ou que reneguen dela.

Aínda se fai preciso lembrar que, en xeral, a lexicografía portuguesa veu incluíndo acepcións depreciativas sobre o xentilicio ‘galego’, que en boa parte mantén, sen se observar moito afán rectificador. Por exemplo, no *Dicionário Houais da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro, 2001) mantense na acepción oito o significado de “indivíduo rude, grosseiro; labrego” que era bastante habitual en Portugal. E mesmo no diccionario portugués en liña más utilizado hoxe se recollen catro acepcións negativas da entrada ‘galego’, embora coa indicación “Informal. Depreciativo” para as tres primeiras e a de “Brasil. Depreciativo” para a última; son as seguintes: “6. Moço de fretes”, “7. Indivíduo que faz trabalho pesado e intenso”, “8. Homem grosseiro, malcriado ou rude”, e “9. Português de baixa instrucción” (<http://www.priberam.pt/dlpo/galego>, data de consulta 10.11.2014).

4.3. Ridiculización e burla da Galiza e do galego en Castela

No reino de Castela a lingua e o acento galegos, ben como o propio país, van ser obxecto de ridiculización e burla como consecuencia dunha situación socioeconómica que leva ba as persoas galegas de condición máis humilde a teren de se deslocar á Corte castelá para realizaren aqueles traballos máis desprestixiados, cal habitantes dunha colonia que van á metrópole para desempeñaren os oficios máis ruíns. De aquí non se torna di-

fícl deducirmos as conseguintes burlas e escarnios xeneralizados contra as persoas galegas, que mesmo acabaron por se reflectir na literatura española dos chamados séculos de ouro: Lope de Vega, Tirso de Molina, Quevedo, Calderón, Góngora etc. A este último corresponden os seguintes versos:

Oh, montañas de Galicia,
cuya, por decir verdad,
espesura es suciedad,
cuya maleza es malicia,
tal, que ninguno codicia
besar estrellas pudiendo,
antes os quedais haciendo
desiguales horizontes;
al fin, gallegos y montes,
nadie dirá que os ofendo.

A unha composición anónima da mesma época pertencen estoutros versos referidos tamén á Galiza:

Reino infeliz, país desventurado,
de España muladar, rincón del mundo,
entre tinieblas siempre sepultado,
áspero, duro clima, templo airado,
infeliz, bárbaro trato, signo inmundo. (Freixeiro 2002: 72)

Por seu turno, Pegerto Saavedra, a comentar uns versos de Quiñones de Benavente (*No salen tantas flores en diez mayos/ como en Galicia mozas y lacayos*), explica tal concepto peyorativo do galego “debido principalmente a que os nosos paisanos que habitaban na corte ocupábanse dos traballos más viles”, e acrecenta: “Os criados galegos son notados de aforradores (camiñan descalzos para non gasta-los zapatos), pouco constantes, borrachos, sucios e interesados; e as criadas, de ladroas, feas, cos pés disformes, mafiosas e borrachas” (1992: 26). Como se ve, as mulleres galegas non se libraron, de certo, das burlas e do desprezo, como sinala Murado (2008: 71-72) con exemplos ben ilustrativos: “La mujeres de Galicia llevan vestidos extravagantes, y son de natural feas y con poca vergüenza” (Confalonieri, 1594); “Ay, gallega, rolliza como un nabo,/ Entre puerca y mujer, que baja al río” (Lope de Vega); “Bien es que seas gallega/ Como sardina arencada.../ Y tienes tan grande gala/ En el mal, que no se iguala/ Ninguna en tus malas tretas” (Jaime Orts, 1594); “No le faltará una moza gallega que le quite los zapatos, que aunque tiene las tetas grandes, es ya cerrada de años, y como vuesa merced no cierre la bolsa, no haya miedo que cierre los brazos” (*Quijote* de Avellaneda); etc.

Outra composición de Bartolomé de Villalba, de 1577, di así:

Erízame el cabello el pensamiento
de nombrar al gallego riguroso;

lobo le apodo que es, y fraudulento,
y que continuo es cruel y sanguinoso.
En holgar y robar tiene contento;
holgazán, fementido y muy glorioso,
haragán, como el lobo carníero,
y lo que de él más siento no refiero...

E xa circulaban refráns como “antes puto que gallego”, “no fies en perro que cojea ni en amor de gallega” ou “ni perro negro, ni mozo gallego”; lembremos que áinda en edicións do dicionario da Real Academia Española dos anos cincuenta do século XX figura “mozo de cuerda” entre as acepcións do vocábulo “gallego”. Por iso Castelao afirma que os escritores casteláns da altura se dedicaron “a luxar o nome e o creto dos galegos, creando un ambiente empezoñado contra Galiza e negádonos, inclusive, a calidade de hespañoles”, pois para eles a Galiza era “un país de salvaxes colonizados”, sen que ningún escritor castelán fose “capaz de sair á nosa defensa, cando incluso se defendía aos indios que non se deixaban asimilar” (1961: 239).

Aínda na primeira parte do século XIX o liberal e europeísta Mariano José de Larra mantén que o galego “es un animal muy parecido al hombre, inventado para alivio del asno”, e Mesonero Romanos describe nun dos seus relatos un mozo galego emigrante en Castela como “casi humano”, segundo recolle García Negro, quen, após nos lembrar un aserto de Eduardo Blanco-Amor –“Botei cuarenta anos da miña vida demostrando que os galegos éramos seres bípedos”–, afirma que o “castigo inflixido á Galiza, após deixar de ser reino hexemónico e competitivo no quadro político da Península Ibérica, é o próprio do trato que se dá ao vencido que foi en extremo rebelde e independente” e que a monarquía castelá “ensaia cos galegos, antes do que cos habitantes de América, os métodos de domesticación e redución proprios de toda política colonizadora”, que “se desvelan en toda a sua crueza racista e punitiva” (2001: 32). Esta literatura antigalega e xenófoba continuaría até o século XX e ten un bo expoñente na xeración do 98. E aínda a Real Academia Española esperará a 2013 para retirar do seu dicionario, por obsoletas, as acepcións quinta –“tonto”– e sexta –“tartamudo”– da voz “gallego”, que só en séptimo lugar recibe a definición de “lengua de los gallegos” (2001: 32).

En conclusión, terminado o período medieval, a lingua galega entra nun proceso de substitución lingüística por parte do castelán, convertida en lingua do poder e lingua prestixiada. Durante os séculos do galego medio este paulatinamente vaise identificando cunha maneira natural de falar, sen relación ningunha coa cultura, e vaise abrindo paso a crenza de ser unha forma corrupta do castelán, chegando a se explicar tal suposta corrupción como se dunha eiva ou tara mental se tratase. Como se acaba de ver, ao desprezo polas persoas galegas de condición humilde uniuse o desprezo pola Galiza e pola súa lingua, de modo que o que antes fora reino poderoso pasou a ser considerado un simple territorio lonxincuo e embrutecido; e a que fora lingua culta e cortesá da península viuse en pouco tempo cualificada de fala groseira e corrompida. Como por arte de maxia, a Galiza foi borrada da historia, ficando só a imaxe dun pobo sen vida política nin cultural propia, sempre sometido e resignado, que se expresa nun dialecto rústico incapacitado para calquera uso social relevante.

5. ALGUNHAS CONSECUENCIAS DA FALSIFICACIÓN: COMPLEXO DE INFERIORIDADE E AUTOODIO

Parece evidente que esa transformación que sufrió el gallego, de lengua exaltada durante siglos en la Edad Media a lengua vituperada desde los primordios de la Edad Moderna, con la consecuente falsificación distorsionadora de su historia y desprecio hacia las personas que lo hablaron, algún trauma debió de dejar en estas, o cuando menos en aquellos sectores de la población gallega más expuestos a los efectos perversos de la discriminación lingüística. Una prueba evidente de esto es que en todo ese curso histórico muchas personas gallegofalantes abandonaron su lengua por otra de mayor prestigio social.

5.1. Despresticio de la lengua e complejo de inferioridad

A substitución dunha lingua por outra é sempre un proceso difícil e traumático; por iso varios séculos de presión sobre as persoas galegofalantes e de imposición doutra lingua allea non conseguiron o obxectivo de acabaren co galego. Moitas persoas continúan a telo como lingua habitual de relación, nomeadamente a nivel íntimo e coloquial, a pesar de subxectivamente teren sido convencidas da súa inutilidade e do seu carácter vulgar ou groso. Outras moitas persoas galegofalantes, non sen traumas, si mudaron de idioma nos últimos séculos.

Na actualidade o gallego ainda non conseguiu vencer algúns dos preconceptos que pegan o proceso de revitalización e que teñen xeralmente a súa xénese nese curso histórico de falsificación ou agochamento da propia historia e no despresticio e menospresión das e dos falantes, ben como do propio idioma. Uns preconceptos van asociados a outros, a se demostrar desta forma que existe unha causa fundamental de fondo que non pode ser outra máis que o proceso de colonización política, cultural e lingüística levado a cabo no país desde finais da Edad Media. A ideoloxía do poder alleo imposto na Galiza desde entón foi xerando actitudes de desprecio do propio e perda da autoestima, creando estereótipos (os galegofalantes son ignorantes, brutos, etc.) e preconceptos (o gallego non serve para o progreso, etc.) que inclusive deron orixe ao complexo de inferioridade (Freixeiro 2009: 125).

Xa Castelao foi ben consciente dos efectos perversos da colonización política da Galiza, que converteu el gallego en lengua subalterna, apartada dos usos cultos e mesmo prohibida, e que impuso el castellano como lengua de poder y de prestigio, lo que provocó que las clases altas gallegas fuesen paulatinamente renegando del idioma propio y adoptando el foráneo, en tanto las clases bajas se vieron despreciadas por hablar la lengua que siempre habían hecho y que no era la lengua estandarizada; entre las consecuencias que esto se derivó cita el complejo de inferioridad: "Prohibíchedes el gallego en las escuelas para producir en el espíritu de los muchachos un complejo de inferioridad, haciéndoles creer que hablar gallego era hablar mal y que hablar castellano era hablar bien" (Castelao 1961: 42). Ligado al complejo de inferioridad, aparece también este autor a referencia al desprecio de la propia lengua, y incluso un sentimiento de vergüenza asociado a su uso, por parte de las clases populares, que "teñen

sempre un pouco de rubor ao falaren, como se a concencia os acusara de empregaren un instrumento vil ou envilecido” (284). Aínda hoxe Ramallo sinala, dentro da tipoloxía sociolingüística de galegofalantes, o falante “oculto (vergoñoso) en público”, que caracteriza como “falante inseguro, con frecuencia inzado de prexuízos sobre a lingua e que prefire expresarse nun castelán marcadamente galeguizado” (2010: 33).

O complexo de inferioridade vai asociado a aqueles grupos sociais que se consideran socialmente por debaixo doutros, aos cales polo xeral gostarían de pertencer. É por iso que tal sentimento non se dá por razóns lingüísticas nas persoas que falan as linguas dominantes e si nas que falan as dominadas: galegofalantes, mais tamén catalanfalantes (Larreula 2002: 390); no caso de Valencia, Joan Fuster sinala o complexo de inferioridade como un trazo relevante da sociedade (1976: 225-230). Como indica Solé, o proceso de identificación dos falantes das linguas dominadas co grupo sociolingüisticamente dominante leva consigo dependencia a respecto deste e mesmo complicidada cos seus comportamentos e accións (2001: 159-161). Mais para chegar a esta situación, que supón a perda da conciencia lingüística, tivérонse de producir con anterioridade unha serie de experiencias xeradoras de remorsos e nomeadamente dun complexo de inferioridade motivado por unha situación de conflito. Como pasa co sentimento de autoodio, a que está estreitamente ligado, o complexo de inferioridade tamén pode acabar por desencapear un proceso de mudanza de lingua. Na realidade, Solé considera o autoodio como o desenvolvemento violento do complexo de inferioridade cando a mudanza lingüística se torna independente das razóns orixinais que a xustificaban. Isto quere dicir que, a pesar de xa non existiren razóns aparentes para continuar a xustificar a deserión ou deslealdade lingüística, a persoa acomplexada e con má conciencia desprende un autoodio que a leva a rexeitar calquera característica do seu grupo de orixe, a ser hipercrítica ou destrutiva con el e a desexar acriticamente todo o relacionado co grupo dominante. Neste sentido, un falante chega a odiar a súa lingua porque a asocia con experiencias negativas en que o uso dela virou un obstáculo para as súas relacóns e progreso social.

5.2. O autoodio como factor de mudanza lingüística

Segundo o visto, a minusvaloración e abandono da lingua propia tamén pode ser consecuencia dun preconcepto lingüístico que mellor se podería denominar, de acordo con Tucson (1990: 29), autopreconcepto, autoodio ou deslealdade lingüística. Para Solé o autoodio é un dos fenómenos más característicos das situacóns de subordinación e minorización sociolingüística moi vinculado co complexo de inferioridade, como se acaba de ver, e cita a *coentor*, termo usado en Valencia desde o século XIX, como a variante local do autoodio que fai referencia ás consecuencias derivadas do abandono do catalán por parte da burguesía valenciana (2001: 160-161).

Este concepto de *autoodio* (*self-hatred*) foi definido polo psicólogo Allport como o sentimento de vergoña que algúen pode ter por posuír as características –reais ou imaxinarias– que despreza no seu propio grupo. Exemplifica este autor tal sentimento nun xudeu americano: “Since he cannot escape his own group, he thus in a real sense hates himself – or at least the part of himself that is Jewish. To make matters worse he may hate himself for feeling this way” (1954: 151). O termo xurdiu vinculado ao estudo das

actitudes de submisión e dominio con relación aos grupos étnicos, isto é, á análise das tensións que se producen nas minorías raciais ou culturais. No ámbito lingüístico utilízase habitualmente asociado ao estudo das actitudes lingüísticas, ao desprestixio das linguas e á insegurança lingüística (Macaulay 1975). Tivo especial acollida na sociolingüística do catalán (Kabatek 1994), de onde se proxecta á galega (*cf.* Rodríguez 1998: 62, 82, 87, etc.). Talvez fose o sociólogo valenciano Rafael L. Ninyoles (2005: 186-196) quen más atención lle prestase ao fenómeno do autooodio lingüístico, que o diferencia do baseado en trazos biolóxicos ou físicos (p. e., cor da pel) por os caracteres lingüísticos permitiren dar cumprimento á aspiración de abandonar o grupo de orixe.

O autooodio produce como primeiro efecto a identificación cos intereses culturais do grupo dominante, a se tornar o grupo propio en grupo de referencia negativa, perante o cal ese individuo non só se deberá mostrar indiferente, mais dependentemente hostil (Ninyoles 2005: 189). Un exemplo de autooodio aducido polo sociólogo valenciano é o de certa burguesía negra dos Estados Unidos que, ao mellorar no status económico, tencionava desfacerse da súa vinculación coa comunidade preta. Non obstante, é o romanés E. Cioran quen nos deixou un dos testemuños más dramáticos do autooodio: “Je confesse avoir naguère regardé comme une honte d'appartenir à une nation quelconque, à une collectivité de vaincus [...]. Haissant les miens, mon pays, ses paysans intemporels [...], je rougissais d'en descendre [...] j'en vins à rêver d'une extermination” (1956: 57-58). Cita tamén Ninyoles o caso de sectores galeses anglizados que substituíron o seu idioma propio polo inglés e que chegarían a sentir “o desexo de ver desaparecer o propio idioma para non sentir máis remordemento pola súa causa”. Estariamos así perante “a síndrome do autooodio” que se acha “exacerbada en determinados sectores da sociedade valenciana” (2005: 192) e que tamén podemos ver na Galiza.

Que nalgúns sectores da sociedade galega se xerou o sentimento de autooodio lingüístico dínolo a propia experiencia vital das persoas que moramos na Galiza e tamén o testemuño dalgúns ilustres observadores da nosa realidade lingüística, embora non utilizasen directamente o termo aludido. É no poema “Deitado frente ao mar...” de Celso Emilio Ferreiro onde con clareza se explicita o proceso de abandono do propio grupo, como consecuencia da mellora económica, e con el tamén a deserión da lingua propia, para abrazar a lingua da nova clase a que se quere adscribir, nun proceso de deslealdade lingüística que, como se viu, Tusón equipara co autooodio:

[...] dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,/ a fala dos abós que temos mortos [...]. (1989: 117)

Outro poeta amigo e coetáneo do anterior, Manuel María, acusa a clase media “de vivir na sua terra despreciandoa, / intentando borrar o seu idioma, / asesiñando o seu ser diferenciado” (1970: 65). Como se deduce deste poema, o autooodio non é un fenómeno xeral na sociedade galega; más ben semella ligado coa mobilidade social e coas clases

medias urbanas, fundamentalmente as de orixe rural, que estiveron máis directamente sometidas ás presións dos grupos sociais e lingüísticos opositos. Non se produciría en xeral no medio rural, tanto por non existiren esas presións como pola falta de expectativas de mobilidade social ascendente, a pesar da baixa autoestima como galego-falantes e de certo complexo de inferioridade perante as persoas castelanfalantes; nin tampouco se produciría o autooodio entre as clases burguesas urbanas, pois na realidade xa deixaran de falar galego no século XIX cando menos (Freixeiro 2002: 92), o que non é contraditorio con sentiren desprezo ou desconsideración pola lingua galega.

O autooodio contribuíu e ainda pode estar a contribuir para o abandono do galego e para a súa substitución polo español; isto é, persoas galego-falantes en liña de progreso económico viron no galego un obstáculo para o seu paso a unha clase social superior e substituíronlo polo que usaba a nova clase a que aspiraban. Como lóxica consecuencia da súa deslealdade lingüística, unha vez instaladas na nova lingua após o problemático e dificultoso proceso de adaptación, van transmitir ese novo idioma en que se instalaron á súa descendencia, a romperen así a cadea de transmisión interxeracional do galego de que seus pais e avós fixeran parte. E esta é, ben o sabemos, a principal causa que explica a elevada perda de falantes da lingua galega nos últimos tempos, nomeadamente entre a xente nova. Ao mesmo tempo que abandonaban o idioma familiar, convertíanse tamén en axentes activos contra el, colaborando no seu desprestixio e na extensión dos preconceptos que o limitaban. Desenvolven, desa forma, unha intolerancia militante contra aquelas persoas que manteñen a lealdade lingüística, cara ás que mostran un sentimento de odio de que tamén fan partícipe o propio idioma, de modo que o que se converteu en “submisión, por unha parte, devén intemperancia pola outra” (Ninyoles 2005: 195-196).

Fica en evidencia, en síntese, que a falsificación da historia da Galiza ou a súa negación van historicamente unidas ao proceso de substitución do seu idioma propio polo castelán. A imposición deste desde finais da Idade Media como lingua do poder e a consecuente marxinación e menosprezo do galego foron xerando nas clases superiores galegas que aspiraban a manteren ou incrementaren a súa posición a conveniencia de mudaren o seu idioma propio polo da nova clase dirixente foránea. Vaise iniciar así lentamente unha tentativa de mobilidade social ascendente que tamén acabará por implicar mudanza do idioma e que comeza polas clases altas, mais que se vai ir estendendo ás intermedias. A deslealdade a respecto do grupo de orixe, asociada ao sentimento de vergoña derivado do desprestixio do galego e a certo complexo de inferioridade que se vai instalando entre as persoas galego-falantes, vai ir xerando entre a parte destes con aspiracións de ascenso social o sentimento de autooodio, o cal co tempo se ha converter nun eficaz instrumento da castelanización e nun axente activo da desgaleguización.

6. CONCLUSIÓN

Nas páxinas precedentes pretendeuse chamar a atención sobre a existencia e importancia do reino medieval da Galiza, interesadamente ocultado pola historiografía oficial española durante moito tempo. Tentouse tamén pór en relevo que a lingua galego-por-

tuguesa foi relevante na península ibérica durante un longo período de tempo na época medieval. Tal pretensión, porén, tan só ten o propósito de contribuír para o restabelecemento da verdade dos feitos e da autoestima das persoas galegofalantes; e con ela, se posíbel, a superación de vellos preconceptos a respecto do idioma que empecen a súa revitalización social.

Con este obxectivo, destacouse o papel e o peso do reino da Galiza na lírica trobadoresca, de extraordinaria importancia, que levou o galego a se converter na lingua lírica peninsular por excelencia durante os séculos finais do período medieval. Ao mesmo tempo, insistiuse en que Portugal xurdiu como reino independente como consecuencia dunha división producida no reino da Galiza no século XII, de modo que a súa lingua non podía ter outra denominación de orixe máis que a de “galego”, pois durante os séculos anteriores, fronte á Lusitania de fala mozárabe, só existía a Gallaecia onde naceu o romance galaico. Este non se podía chamar “portugués” simplemente porque Portugal ainda non existía.

O reino medieval da Galiza, pois, existiu a pesar da tentativa de o negar e a súa lingua pervive hoxe en todo o mundo de expresión galego-portuguesa. Mais tal negación e o proceso de desprestixio a que se viu sometida durante os séculos posteriores ao final da época medieval acabaron por xerar nas persoas galegofalantes unha progresiva perda de autoestima, que mesmo desembocou en complexo de inferioridade e autoodio nalgúns casos. Asentáronse así na sociedade galega preconceptos relativos á propia lingua que aínda hoxe non están completamente superados e que talvez o coñecemento do pasado –sempre limitado e suxeito a interpretación, xa se sabe– poida axudar a superar. Para superar traumas baseados na falsificación do pasado e aínda vigorantes no presente, cómpre restablecer, no posíbel, a verdade dos feitos.

BIBLIOGRAFÍA

- ALLPORT, Gordon W. (1954) *The Nature of Prejudice*. Cambridge – Boston, Addison-Wesley.
- BELTRAN, Vincenç (2005) *La corte de Babel*. Madrid, Gredos.
- BUESCU, Maria Leonor Carvalhão (1984) *Historiografía da Língua Portuguesa*. Lisboa, Sá da Costa.
- CASTELAO, Afonso D. R. (1961 [1944]) *Sempre en Galiza*. Buenos Aires, “As Burgas”.
- CIORAN, Émile M. (1956) *La tentation d'exister*. Paris, Gallimard.
- FERREIRO, Celso Emilio (1989 [1962]) *Longa noite de pedra*. Introdución, notas e comentarios de Xosé M. Álvarez Cáccamo. Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
- FREIXEIRO MATO, Xosé R. ed. (1996) *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía*. Vigo, A Nosa Terra – AS-PG.
- FREIXEIRO MATO, Xosé R. (2002) [1997] *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela, Laioveneto.
- FREIXEIRO MATO, Xosé R. (2009) “Lingua galega e preconcepto”. *Revista Galega de Filoloxía* (Universidade da Coruña). 10: 115-144.

- (2010) "Lingua e poder político na Galiza e en Portugal durante a Baixa Idade Media". En: M^a Amparo Tavares Maleval & Laura Tato Fontañá (eds.) *Estudos Galego-Brasileiros 4. Lingua, Literatura, Identidade*. A Coruña, Universidade: 151-181.
- FUSTER, Joan (1976 [1967]) *Nosotros los valencianos*. Trad. de Josep Palacios. Barcelona, Península.
- GARCÍA NEGRO, María Pilar (2001) "Do racismo ao paternalismo, sen pasaren pola historia. Alguns apontamentos sobre a Galiza vista por escritores españois". *Terra e Tempo* (s. l.). 17: 32-34.
- GARCÍA TURNES, Beatriz (2002) "A orixe do galego segundo Francisco Adolfo Varnhagen, editor do *Cancioneiro da Ajuda*". *Madrygal* (Universidad Complutense de Madrid). 5: 53-60.
- GÓMEZ MORENO, Ángel (1990) *El Proemio e carta del Marqués de Santillana y la teoría literaria del s. XV*. Barcelona, PPU.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1978) *Grandezza e decadencia do Reino de Galicia*. Vigo, Galaxia.
- KABATEK, Johannes (1994) "Auto-odi: Geschichte und Bedeutung eines Begriffs der katalanischen Soziolinguistik". En: Gabriele Berkenbusch & Christine Bierbach (eds.) *Zur katalanischen Sprache: historische, soziolinguistische und pragmatische Aspekte*. Frankfurt, DEE: 159-173.
- LAPA, Manuel Rodrigues (1977) *Lições de Literatura Portuguesa*. Coimbra, Coimbra Editora.
- LARREULA, Enric (2002) *Dolor de llengua*. València – Barcelona, Edicions 3i4.
- LEÃO, Duarte Nunes de (1983) *Ortografia e Origem da Língua Portuguesa*. Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (2005) *O reino medieval de Galicia*. Vigo, A Nosa Terra.
- MACAULAY, Ronald K. S. (1975) "Negative prestige, linguistic insecurity, and linguistic self-hatred". *Lingua* (North-Holland Publishing Company). 36: 147-161.
- MANUEL MARÍA (1970) *Remol*. Buenos Aires, Edicions Nos.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1956 [1906]) *Orígenes del español. Estado lingüístico de la península ibérica hasta el siglo XI*. Madrid, Espasa-Calpe.
- MICHAËLIS DE VASCONCELLOS, Carolina (1904) "A Galliza, centro de cultura peninsular de 800 a 1135. Santiago de Compostella, foco onde desabrochou o lyrismo gallego-português". En: *Cancioneiro da Ajuda*. Edição crítica e commentada por..., vol. 2. Halle, Max Niemeyer: 769-835.
- MONTEAGUDO, Henrique (1994) "Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)". En: Elvira Fidalgo & Pilar Lorenzo Grandín (orgs.) *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*. Santiago de Compostela, CILL Ramón Piñeiro: 169-185.
- MURADO, Miguel-Anxo (2008) *Otra idea de Galicia*. Barcelona, Debate.
- (2013) *La invención del pasado*. Barcelona, Debate.
- NINYOLES, Rafael L. (2005) *Idioma e poder social*. Trad. de María Pilar García Negro e Antonio Molexón Domínguez. Ames, Laioveneto.
- NOGUEIRA, Camilo (1996) "Sobre as orixes da cuestión nacional galega: a división de Galicia e a creación do Estado portugués". *A Trabe de Ouro* (Santiago de Compostela). 25: 11-25 e 26: 59-79.
- (1997) "Para unha crítica do castelanismo". *Grial* (Vigo). 134: 141-163.

- (2001) *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo, Xerais.
- (2008) “A independencia e a universalidade da lingua galega”. En: Xosé R. Freixero & Marisol Ríos & Lucía Fillo (eds.) *Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña, Servizo de Normalización Lingüística & Servizo de Publicacións da Universidade: 15-30.
- (2012) *Para unha crítica do españolismo. Estados e nacións*. Vigo, Xerais.
- PENA GRAÑA, Andrés (1995) “O reino de Galicia na Idade Media”. *Terra e Tempo* (s. I). 1: 5-15.
- POLÍN, Ricardo (1994) *A poesía lírica galego-castelá (1350-1450)*. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- RAMALLO, Fernando (2010) “Cara a unha tipoloxía dos falantes de galego”. En: Bieito Silva & Isabel Vaquero & X. Rodríguez (eds.) *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela, Universidade: 15-37.
- RISCO, Sebastián (1973) *Presencia da lingua galega*. A Coruña, O Castro.
- RODRÍGUEZ, Francisco (1998 [1976]) *Conflito lingüístico e ideoloxia na Galiza*. Santiago de Compostela, Laioveneto.
- SAAVEDRA, Pegerto (1992) *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850*. Santiago de Compostela, Universidade.
- SARMIENTO, Fray Martín (1974) “Carta en respuesta al Rvdmo. P. M. Esteban de Terreros”. En: José Luis Pensado (ed.) *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo, Galaxia: 19-41.
- SMITH, Colin (1996) “Galicia, todo un reino”. En: Rosario Álvarez Blanco & Ramón Lorenzo (coords.) *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela, Universidade: 735-744.
- SOLÉ I CAMARDONS, Jordi (2001) *El políedre sociolingüístico*. València & Barcelona, 3i4.
- TUSON, Jesús (1990) *Mal de Linguas*. Trad. de Xulio C. Sousa Fernández. Santiago de Compostela, Positivas.
- VÁZQUEZ CORREDOIRA, Fernando (1998) *A construcción da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo a contrario*. Santiago de Compostela, Laioveneto.
- VERDELHO, Telmo (2000) “Uma polémica sobre ‘la lengua lusitana, ó gallega’, no século XVIII”. En: José Luís Rodríguez (org.) *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia & Universidade de Santiago de Compostela: II, 759-806.
- WRIGHT, Roger (1991) “La enseñanza de la ortografía en la Galicia de hace mil años”. *Verba* (Universidade de Santiago de Compostela). 18: 5-25.